



Ese corno de la drecha
ese boi e de la drecha
leva la cuerna rompida
que la rompió por la costa
baixando pola Florida.

Esta noite hei de ir alá
teralas pernas lavadas
heime de meter entre elas
anque morra a puñaladas.

Ai Carmiña, Carme
que pena me dás
na guerra de Cuba
morreuche o rapás,
morreuche o rapás,
morreuche o rapás.
Ai Carmiña, Carme
que pena me dás.

Boteiche un limón a tombos
na túa porta parou.
Cando o limón ten amores
que fará quen o botou.

Panadeiriñas de Cea,
depreder a traballar,
que non vos ha de valer
co voso peneirar.

Miña nai doume unha tunda
co aro dunha peneira
teña verghonza
que ven a xente da feira.

VI 1621

Prometéronme unha tunda
no monte de San Amede
prometéronme unha tunda
agora veño por ela.
Aghora veño por ela,
agora veño por ela
prometéronme unha tunda
no monte de San Amede.



Cala ti cochina, porca
que mañán hei de cocer
se non teño varredoiro
contigho hei de varrer.

Ándate sapo pequeno
que esta noite hei de cocer
se non teño varredoiro
contigho che hei de varrer.

Chamáchesme moreniña
era do polvo da eira
non me viches estar onte
coma rosa na roseira.

Este é o tempo de tróupele, tróupele
este é o tempo de troupelear
este é o tempo de mazalo liño
este é o tempo do liño mazar.

Chamáchesme moreniña
é rache do polvo da eira
pero xa me verás no domingo
coma a roupa do tendeiro.

(...)

Esta ruadiña de hoxe
mañán ha de ser sonada.
Ela que sea que non non
a min non che me dá nada.
A min non se me dá nada,
a min non se me dá nada.

Esta ruadiña de hoxe
mañán há de ser sonada.

Paxariño de arrecendo...

VI 463 bis

[Ahora que ven o tempo]
do paxariño cantar
canteiros e carpinteiros
todos se van a embarcar / marchar.

Para pan viva Cea,
para vino el Rivero,
para muchachas guapas,
Casanova que es mi tierra.

Para pan viva Cea,
para vino el Rivero,
para muchachitas guapas,
Casanova que es mi tierra.



Para pan trigo Caldas,
para viño o Ribeiro,
para mozas bonitas
viva o Castro Loureiro.
Viva o Castro Loureiro,
viva A Casiña primeiro.

San Benitiño do ollo redondo...

[A Moraña non]
que dormen no chan
e veñen os homes
ás tres da mañán.
As tres da mañán,
as tres da mañán,
a Moraña non
que dormen no chan.

- Bueno, sácalle un pouco viño aquí á señora...

(Tocan a pandeireta)

- Bota un cantar!
- Hai que cantar!
- Si!

(...)

IV 78 bis

Vinde tódolos veciños
cantarlle a Pepe chaquetas
que non se amigha hoxe
con Manuela da Devesa.

Ela é boa rapaza
Foron facer boa moza
quen volo pode decir
é Pepiño das Topas.

- E o tono como é? (...)

Eu traio unha borracheira, de viño,
que aughá non quero, mira
mira, Maruxiña, mira
mira como veño.

Eu traio unha borracheira, de viño,
que aughá non quero, mira
mira, Maruxiña, mira
mira como veño.